



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Fundamentos de Economía: Industria da Moda		Código	710G03003
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Análise Económica e Administración de EmpresasEconomía			
Coordinación	Varela Candamio, Laura	Correo electrónico	laura.varela.candamio@udc.es	
Profesorado	Varela Candamio, Laura	Correo electrónico	laura.varela.candamio@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Coñecer os fundamentos básicos das cuestións económicas máis relevantes, tanto na súa vertente macroeconómica como microeconómica. O estudo dos conceptos fundamentais, instrumentos e principios de economía permite comprender as decisións económicas da cidadanía nos seus diferentes roles como consumidores, inversores, votantes, empregadores/empregados, emprendedores, etc. O desenvolvemento desta materia está pensado en última instancia para entender a industria da moda e poder aplicar o aprendido sobre o funcionamento dos mercados (empresas e clientes) e a análise da competencia empresarial ás cuestións e problemáticas desta industria.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Comprender o funcionamento real da economía na sociedade contemporánea e mais as interrelacións dos ámbitos empresarial, laboral, financeiro, social e político para acadar unha percepción xeral dos problemas microeconómicos e macroeconómicos en entornos internacionais e globalizados.		B1	
		B2	
		B3	
		B4	
		B5	
Capacidade de síntese e de aplicación práctica dos conceptos teóricos para o tratamento e resolución de problemas económicos en xeral (e da industria da moda, en particular) de forma reflexiva, crítica e autónoma. Capacidade de expresión oral e escrita. Capacidade de traballo en equipo.		B6	C2
		B7	
		B8	
		B9	
Sensibilización na obriga de todo cidadán de contribuír cos seus coñecementos a tratar de resolver as necesidades humanas individuais e colectivas cunha mellor comprensión da natureza e problemática destas últimas. Desenvolvemento do alumnado na toma de decisións económicas ao longo da súa vida tendo presente o enfoque da economía sostible (vínculos económico-social-ambiental) como fonte de xeración de benestar a longo prazo	A2		C7
	A7		C8

Contidos	
Temas	Subtemas
MODULO I. INTRODUCCIÓN	Tema 1. Principios económicos básicos Tema 2. Modelos económicos
MÓDULO II. MICROECONOMÍA, MERCADOS E COMPETENCIA	Tema 3. Oferta e demanda Tema 4. As elasticidades Tema 5. A curva de oferta Tema 6. A competencia perfecta Tema 7. Monopolio, oligopolio e competencia monopolística



MÓDULO III. MACROECONOMÍA E FINANZAS	Tema 8. Macroeconomía: unha visión global Tema 9. Medición da macroeconomía Tema 10. O diñeiro, a banca e os bancos centrais Tema 11. O comercio internacional
MÓDULO IV. A INDUSTRIA DA MODA	Bloque A) Definición da moda, o luxo e mais os sistemas competitivos complexos e a lóxica empresarial Bloque B) Modelos de negocio da industria da moda Bloque C) Identidade de estilo e o proceso de desenvolvemento do produto Bloque D) Identidade de imaxe e o proceso de comunicación Bloque E) Venda ao por menor (retail) e estratexias de distribución

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	B1 B2 B3 B4 B5 C2	60	0	60
Traballos tutelados	B4 B5 B8 B9	0	30	30
Aprendizaxe colaborativa	A2 A7 B5 B6 B7 C7 C8	4	18	22
Aprendizaxe servizo	A2 A7 B2 B4	3	15	18
Proba mixta	B1 B2 B3 B4 B5	2	0	2
Atención personalizada		18	0	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A profesora explicará cada un dos temas do programa, insistindo nos conceptos fundamentais e as súas interrelacións. A asistencia a clase ten a consideración de obrigatoria, aínda que non se pasará lista.
Traballos tutelados	Os alumnos resolverán cuestións e problemas relacionados con cada un dos capítulos do temario. O profesor explicará previamente a metodoloxía que debe seguirse e a orientación bibliográfica.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas por la profesora para optimizar a propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo. O proxecto desta materia leva por título "Economía con ciencia e conciencia: fomentando o desenvolvemento sostible" destinado a colectivos en risco de exclusión social.
Proba mixta	O exame final da materia é de carácter escrito. Optarase preferiblemente por probas tipo test de resposta múltiple aínda que poderá constar tamén de preguntas breves e/ou preguntas de ensaio.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	A profesora estará dispoñible para a atención personalizada ao alumnado cando o requiran presencialmente ou por correo electrónico, para aqueles temas que estimen oportunos en relación co temario da asignatura e, particularmente, para resolver as dúbidas do proceso de elaboración do traballo tutelado e/ou do proxecto aprendizaxe-servizo.



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A2 A7 B5 B6 B7 C7 C8	Valoraranse os coñecementos e competencias mostradas polo alumnado no desenvolvemento das actividades colaborativas, consideradas actividades de avaliación continua. Estas actividades poderán consistir nun traballo tutelado ou ben no desenvolvemento do proxecto de aprendizaxe-servizo.	30
Proba mixta	B1 B2 B3 B4 B5	Valoraranse os coñecementos e competencias mostradas polo alumnado no exame final proposto polo equipo docente, debendo obter un mínimo de 3,5 puntos sobre 7.	70

Observacións avaliación
Criterios de avaliación (outros comentarios): A nota mínima esixida para aprobar esta materia será 5 puntos. Os alumnos que liberen unha parte da materia mediante algunha das actividades de "aprendizaxe colaborativa" ou, en caso de existir, algunha proba mixta (parcial), só terá validez para o curso actual. Se un alumno que ten liberada unha parte non consegue aprobar a materia no seu conxunto nas oportunidades de xuño ou de xullo, a súa calificación final será suspenso, e terá que repetir toda a materia nos seguintes cursos académicos. Está prohibido acceder á aula na que se desenvolvan as distintas probas de avaliación con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información. Alumnado non presentado: O alumnado será calificado con "Non Presentado" no caso de que unicamente se presentase a actividades que en conxunto supoñan menos do 20% da nota final. Alumnado suspenso O alumnado que suspenda a proba mixta (exame final) figurará en actas coa calificación obtida na mesma. Alumnado con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: O alumnado con algunha destas condicións será avaliado baixo os criterios anteriores. Criterios da segunda oportunidade (convocatoria xullo): Os devanditos criterios de avaliación aplicarán tanto á primeira como á segunda oportunidade. Criterios da convocatoria adiantada: O alumnado que queira presentarse á convocatoria adiantada de decembro, para superar esta materia aplicaránse os mesmos criterios que na segunda oportunidade. Neste caso, un 70% o exame final (proba mixta) e un 30% a avaliación continua (aprendizaxe colaborativa).

Fontes de información	
Bibliografía básica	Krugman, P., Wells, R. & Graddy K. (2014). Essentials of economics. 3rd Edition. Reverté Krugman, P., Wells, R. & Graddy, K. (2014). Fundamentos de economía. 3rd Edition. Reverté Dillon, S. (2012). Principios de gestión en empresas de moda. Barcelona. Editorial Gustavo Gili. Martin, M.S. (2009). El todo en uno del diseñador de moda. Barcelona: Promopress.
Bibliografía complementaria	Pindyck R. S. and Rubinfeld, D. L. (2013). Microeconomics. Pearson Frank, R.H. (2010). Microeconomics and Behavior. McGraw-Hill Blanchard, O. (2017). Macroeconomics. 7th Edition. Pearson Pindyck, R.S. & Rubinfeld, D.L. (2012). Introducción a la Economía: Microeconomía. Pearson. Prentice Hall Mochón Morcillo, F. (2009). Introducción a la Macroeconomía. Madrid. McGraw-Hill

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións



1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais3. Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías